

Maruja Mallo, a pintura da nova muller vén conformatar, sen ningunha dúbida, un volume extraordinario. En primeiro lugar, porque non é frecuente que no noso ámbito cultural se editen obras dedicadas ao estudo da pintura cunha calidade tan notábel tanto bo apartado das reproduccións gráficas como no propio contido da análise e, ainda menos, que tal labor se faga en lingua galega (parabéns, pois, á editorial Nigratrea). En segunda instancia, porque a figura da pintora viveirense merecía unha atención expurgada de preconceptos ou de haxiografías como tantas veces se ten feito noutras latitudes. Carlos López Bernárdez, coñecido ensaísta de noso, realiza estas dúas funcións analizando dun modo lúcido e exhaustivo toda a obra pictórica de Maruja Mallo (Viveiro, 1902–Madrid, 1995), seguindo a súa cronoxía vital. Un exame realizado desde o rigor, mais tamén desde a sensi-

Sen preconceptos

Fundamental achega


ROMÁN RAÑA

bilidade do profundo coñecedor dos movementos artísticos que se sucederon en Europa e no mundo desde os inicios do pasado século.

E o estudo de Bernárdez comeza, entón, cun repaso da biografía da artista, excluíndo conscientemente todo o anecdotario mítico que a acompañou: as relacions que mantivo con Alberti (o seu impactante influxo en *Sobre los ángeles*), as terturias en París á canda de André Breton e Paul Éluard, a súa amizade con Pablo Neruda, o contacto que mantivo con Magritte, Max Ernst, Giorgio de Chirico... En fin, un sen número de influencias frutíferas e recíprocas que se foron establecendo

entre os más destacados artistas europeos do século XX. Nos epígrafes posteriores, Carlos Bernárdez pesquisa moi atinadamente a producción pictórica da artista viveirense advertindo de que encarnaba, desde o comezo, o ideal da nova muller: talentosa, activa, liberada, dona de si e mais das súas potencialidades creativas.

Magníficos resultan os capítulos “Verbenas e mañaquins” e “De Vallecas a París, con billete de volta” porque son minuciosamente esclarecedores e porque nese período a de Viveiro produciu o máis granado da súa inspiración (cadros como *El espantapiezas* ou *La sorpresa del trigo*, títulos de extre-



mada lucidez poética). Nos capítulos posteriores, Guerra e exilio e A face e a carauta. Máscaras e retratos bidimen-

sionais infórmasenos dos avatares vitais da nosa pintora, do seu desterro e da paixón democrática dunha muller comprometida

Un volume para além das haxiografías e dos tópicos

coa República. Convén sinalar que tamén lonxe da Terra a nosa creadora mantivo unha actitude sempre vanguardista até no momento do seu retorno a Madrid, en 1961, cando a súa fama pública comezaba a apagarse. No centro dese tempo convulso a nosa artista deixou a súa pegada de ouro e Carlos Bernárdez aquí a rexistra para todos nós. *BERNARDEZ, Carlos L. Maruja Mallo. A pintura da nova muller*, Ed. Nigratrea, Vigo, 2010, PVP. 35 €